

**IES SAN PAIO
TUI**

PROXECTO EDUCATIVO

ÍNDICE

1. DATOS FUNDAMENTAIS E ANÁLISE DO ENTORNO

2. BREVE HISTORIA DO CENTRO

3. NOTAS DE IDENTIDADE DO CENTRO

- Aconfesionalidade
- Lingua de aprendizaxe
- Oferta educativa
- Liña metodolóxica
- Pluralismo e valores democráticos
- Coeducación
- Ecopacifismo
- Modalidade de xestión institucional

4. OBXECTIVOS DO PROXECTO

- Obxectivos pedagóxicos
- Obxectivos institucionais
- Obxectivos administrativos

5. ORGANIGRAMA

1. DATOS FUNDAMENTAIS E ANÁLISE DO ENTORNO

DIRECCIÓN	R/ Casal Aboi, 11
DISTRITO POSTAL	36700
TELÉFONO	986 60 03 19
FAX	986 60 75 85
C.E.	ies.sanpaio@edu.xunta.es
WEB	www.edu.xunta.es/centros/iessanpaio
CIF	Q8655235-C
CÓDIGO	36009901

LOCALIZACIÓN	Tui (17.000 habitantes aprox.) Colexios adscritos da vila e do entorno rural Comarca do Baixo Miño Eurocidade Tui-Valença
COLEXIOS ADSCRITOS	CEIP Nº 1 CEIP Nº 2 CEIP RANDUFE CEIP PAZOS DE REIS
ALUMNADO TOTAL	> 600
ALUMNADO ESO	> 400
ALUMNADO BAC	> 200
PROFESORADO	> 50
PERSOAL NON DOCENTE	+/- 10
CATEGORÍA	C

2. BREVE HISTORIA DO CENTRO

A historia do centro remóntase ao ano 1845, cando o Ministerio de Gobernación aproba, con data do 30 do outubro, a creación dun Instituto de segunda ensinanza na cidade de Tui. Estaba situado no convento de San Francisco e mantívose activo ata o ano 1850.

En 1933, con sede no convento de Santo Domingo, retomouse a actividade académica. Nesta etapa algúns profesores adquiriron destacado renome no mundo das letras e das artes, como Ferro Couselo e Benito Prieto Cussent. No ano 1936 desprázanse para Vigo os expedientes académicos, e desde 1940 ao 1950 o colexio homologado de don Daniel é o único centro de ensinanza secundaria na vila.

A partires do curso 1950-1951, no edificio San Paio e con este nome, reiníciase a actividade docente como Instituto de Educación Secundaria. Ao longo de diversos plans e reformas manterase aberto de forma ininterrompida ata o día de hoxe.

Nestas últimas décadas podemos destacar os seguintes plans:

- Curso 1950-51: inaugúrase o Centro de Ensinanza Media e Profesional na modalidade agrícola - gandeira e co nivel de Bacharelato Elemental.
- Curso 1966-67: implántase o Bacharelato Superior.
- Curso 1967-68: comeza cun curso a reforma de Villar Palasí (Bacharelato Unificado) e mantéñense os demais curso cos bacharelatos dos plans anteriores.
- Curso 1973-74: implántase na súa totalidade o BUP e dá comezo a primeira promoción do COU.
- Curso 1975-76: implántase o primeiro do Bacharelato Unificado Polivalente.
- Curso 1998-99: comeza a LOGSE con 3º ESO.
- Curso 2001-02: desaparece COU e implántanse as etapas completas da ESO e de Bacharelato LOGSE.
- Curso 2007-08: Comeza implantación da LOE na ESO
- Curso 2008-09: Implántase a LOE en 1º de Bacharelato
- Curso 2015-2016: Implántase a LOMCE en 1º ESO, 3º ESO e 1º BAC

3. NOTAS DE IDENTIDADE DO CENTRO

- ACONFESIONALIDADE

Estamos nun centro de titularidade pública, polo tanto, ao ser o Estado aconfesional non nos adscribimos a ningunha confesionalidade relixiosa concreta, somos respectuosos con todas as crenzas e ideoloxías.

Para o ensino da *relixión católica* atémonos ao disposto na lexislación vixente.

O sistema político e xurídico no que nos movemos, baséase no pluralismo e na liberdade ideolóxica e maniféstase ideoloxicamente neutral. Entendemos neutralidade como renuncia a calquera tipo de proselitismo ou sectarismo cara a todas as confesións dos compoñentes da nosa comunidade escolar sen prexuízo de que poidan manifestar libremente as súas opinións persoais.

O centro será ideoloxicamente pluralista, especialmente nas vertentes política e relixiosa. Isto supón respecto cara a todas as ideoloxías e crenzas, sen prexuízo das minorías.

O alumnado ten dereito a recibir informacións obxectivas e correctas para que progresivamente vaia formando os seus propios criterios e, analizando a realidade, poida tomar decisións responsables que lle permitan estar aberto ás situacións de cambio que se produzan na sociedade e que fagan deles cidadáns libres, xustos e solidarios.

Para o profesorado garántese a liberdade de cátedra, sempre que non vaia en contra das notas de identidade do instituto e das disposicións legais.

- LINGUA DE APRENDIZAXE

De acordo co artigo 3 da Constitución española, e de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no noso centro o galego e o castelán deben convivir con igual respecto para os seus usuarios, recoñecendo idénticos dereitos para ambos.

Para a consecución dun ensino renovador, democrático e socialmente integrador, a nosa comunidade escolar entende que a normalización lingüística do galego é un obxectivo imprescindible. Optamos pola busca dun clima social que multiplique os esforzos de cara a acadar un progresivo proceso de normalización do idioma galego. Isto presupón a legalización do bilingüismo real e harmónico como aspiración, garantíndose que ao finalizar a súa escolaridade o alumno teña un correcto dominio oral e escrito das dúas linguas oficiais.

Constituíuse no Centro un Equipo de Dinamización Lingüística para potenciar o uso da lingua galega.

No que se refire ás materias que se deben impartir en galego, o instituto pretende que todos os profesores cumpran as disposicións legais vixentes para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

As actuacións administrativas de Centro demandadas polo público redactaranse en galego. Así mesmo as actuacións administrativas de réxime interno (actas, comunicados, horarios, rótulos, etc.) serán redactados en galego.

- OFERTA EDUCATIVA

ETAPAS	CURSO	MODALIDADE	PMAR PDC	SECCIÓN BILINGÜE
ESO	1º			
	2º			
	3º		1	Educ. Física = 1 Educ. Plástica = 1
	4º		1	Educ. Física = 1
BAC	1º	Humanidades e CCSS		
		Ciencias		
	2º	Humanidades e CCSS		
		Ciencias e tecnoloxía		

Colexios adscritos

Pazos de Reis
N.º 1 de Tui
N.º 2 de Tui
Randufe

- LIÑA METODOLÓXICA

A mellora da nosa actividade profesional, como en todas as demais profesións, pasa polo análise do que facemos. Isto pódenos levar en certas ocasións a posicións antagónicas ou sinxelamente diferentes, polo que necesitamos criterios xerais aceptados pola comunidade profesional para non romper o equilibrio cos métodos diversos e co respecto aos dereitos individuais.

- Metodoloxía participativa e non autoritaria, que implique ao alumno no propio proceso de aprendizaxe, e que fomente o desenvolvemento da súa capacidade de discusión e a súa vontade de transformación da realidade.
- Metodoloxía activa, que fomente no alumno unha actitude curiosa, crítica, investigadora e que, mediante a comunicación e o traballo, se converta na base da súa formación e da adquisición de aprendizaxes.
- Metodoloxía integradora. Cremos que a escola debe promover a formación integral dos rapaces e das rapazas, e non só as capacidades cognitivas ou intelectuais. Para isto cómpre explicitar o que entendemos por autonomía, equilibrio persoal, relacións interpersoais, inserción social, etc.

- Metodoloxía lúdica, que incorpore o xogo naquelas actividades que sexa posible.

Apostamos pola “interdisciplinarietà” e o “traballo en equipo”, porque os saberes non deben ter comportamentos estancos que fagan percibir a aprendizaxe como una acumulación de coñecementos inconexos.

Potenciamos unha “acción tutorial”, que será entendida como unha responsabilidade compartida por todo o profesorado para darlle un sentido educativo e humanizador á relación profesor- alumno/a indo máis alá do estritamente instrutivo e docente.

A avaliación entendémola non como un requisito, senón como un instrumento de axuda susceptible de mellora permanente. Por iso será integral, formativa, continua e terá en conta non só coñecementos, senón ademais habilidades, destrezas, valores, actitudes e as relacións cos compañeiros.

A dirección apoiará e fomentará as iniciativas do profesorado que vaian encamiñadas á mellora da actividade docente e contribúan á realización de investigacións educativas dentro do propio centro.

- PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

O Proxecto Educativo terá sempre como punto referencial unha “educación en valores”. Neste senso, o profesorado do instituto séntese formador na medida en que axuda ao alumnado a adoptar actitudes construtivas, actuar e pensar libremente, ao mesmo tempo contribúe á súa emancipación.

Esta educación en valores implica unha dinámica permanente de resolución pacífica dos conflitos e debe estar desenvolvida nun marco de tolerancia e respecto á liberdade de cadaquén, á súa personalidade e conviccións. O noso centro considera valores irrenunciabes os seguintes:

- Espírito democrático que se manifesta na tolerancia, na capacidade de participación, na aceptación da diversidade, na corresponsabilidade e na mesma xestión do centro.
- Pluralismo ideolóxico que non exclúa a ninguén por razón da súa procedencia, relixión, ideoloxía, etnia ou nivel económico
- Convivencia pacífica de todos os compoñentes da comunidade que supón responsabilidade, solidariedade e cooperación.
- Sensibilidade ante calquera situación de discriminación e opresión que se manifesta en problemas actuais, tales como o sexismo, racismo, xenofobia, armamentismo, nuclearización, división do mundo en bloques, atentados contra o medio ambiente, inxustiza, etc.
- Recoñecemento explícito da capacidade de rebeldía ante calquera tipo de inxustiza e do dereito a discrepar sempre que non vaia contra os sinais de identidade definidos neste Proxecto Educativo.
- Respecto, estima e potenciación da identidade cultural galega e comprensión solidaria das demais culturas do Estado Español.
- Integración da diversidade, que significa asumir as diferenzas dos compoñentes da comunidade escolar.
- Fomento da autoestima e da capacidade para sentirse parte integrante do medio no que nos desenvolvemos.
- Potenciación da competitividade ben entendida, é dicir, espírito de superación e satisfacción persoal polo traballo ben feito.

- Finalmente, o modelo de educación ética e cívica do instituto comprométese activamente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- COEDUCACIÓN

Máis alá da pura formulación de ensino mixto, o centro identifícase cunha metodoloxía e un traballo orientados polos valores da coeducación. A nosa actividade docente comprométese cunha educación para a igualdade, sen discriminacións por razón de sexo, e superadora de mitos e tabús. A metodoloxía didáctica empregada evitará condutas que poñan énfase nos roles tradicionais atribuídos ao home e á muller, e proporcionará ao alumnado imaxes diversificadas e non convencionais de un e outro sexo.

No instituto combaterase o sexismo que actualmente se pode constatar na educación tanto no seu currículo explícito, de carácter androcéntrico por norma xeral, como no currículo oculto que ven a transmitir a ideoloxía sexista vixente na nosa sociedade. O profesorado do centro debe ser consciente deste problema e contribuír a modificar actitudes, deseñando currículos equilibrados e revisando coidadosamente o material escolar. Neste senso, os libros de texto que se propoñan ao alumnado estarán orientados polos valores da coeducación. Así mesmo, as lecturas complementarias serán analizadas desde un punto de vista crítico.

Dentro da flexibilidade que nos permite a lei, impartiranse conferencias e obradoiros de educación sexual como ferramenta valiosa neste proceso de coeducación. Entendemos que a instrución sexual conduce á integración natural na realidade social, constituída por mulleres e homes. A sexualidade non é un tabú, senón simplemente o coñecemento dos dereitos propios de cadaquén, o que permite estimar e valorar a colaboración co outro no traballo, no xogo e no diálogo. Así mesmo consideramos necesario abordar a educación afectivo-sexual de maneira transversal, impregnando todas as áreas e a vida do instituto en xeral, manifestándose en actividades culturais, titorías, etc.

A dirección do centro comprométese a favorecer a formación dos pais e nais dos nosos alumnos/as no ámbito da coeducación.

- ECOPACIFISMO

Apostamos por unha educación ambiental a favor do medio que inclúa unha reformulación e unha nova aprendizaxe das relacións do ser humano coa natureza, en tanto compoñentes que somos dela e non como dominadores da mesma. Por iso este centro potenciará unha metodoloxía encamiñada a valorar e coidar o medio ambiente, como elemento primordial que debe ser conservado por todos nós para as xeracións futuras.

Así mesmo, na educación para a paz o instituto declárase non neutral e, polo tanto, a comunidade educativa non regateará esforzos na súa tarefa concienciadora antibelicista. Pensamos que a educación para a paz ten que se orientar á acción e, lonxe de buscar a pasividade, a tranquilidade, a non acción, o conformismo..., debe estar encamiñada á formación de persoas activas e combativas. A educación para a paz supón a reformulación e, mesmo, a introdución de novos contidos e conceptos, tales como: filantropía, desarme, solidariedade.... facendo sempre fincapé nas formas non violentas de resolución dos conflitos.

- MODALIDADE DE XESTION INSTITUCIONAL

O centro defínese como unha comunidade educativa formada por profesoras/es, alumnas/os, pais/nais e persoal non docente, na que ningún sector absorbe as funcións doutro.

Ninguén ten dereito a tomar o instituto como propiedade privada desde unha mentalidade corporativista. Cada sector terá o seu propio papel na xestión do centro e, como norma xeral, evitaranse modelos de xestión autocráticos ou excesivamente permisivos, e preconizarase unha xestión participativa e democrática.

Este modelo implica a necesidade dunha participación real e efectiva de todos os sectores que compoñen a comunidade escolar a través dos seus representantes elixidos.

4. OBXECTIVOS DO PROXECTO

OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS

- Consolidar unha sensibilidade cidadá e unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores das sociedades democráticas e os dereitos humanos, e comprometida con eles.
- Afianzar a iniciativa persoal, así como os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- Coñecer, dende unha perspectiva universal e plural, as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.
- Dominar as habilidades básicas propias da modalidade escollida.
- Traballar de forma sistemática e con discernimento sobre criterios propios e alleos e fontes de información distintas, a fin de formular e resolver adecuadamente os problemas propios dos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos en cada disciplina.
- Coñecer e saber usar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a riqueza e as posibilidades expresivas da lingua galega e castelá, así como a literatura e a lectura e a análise das obras literarias máis significativas.
- Expresarse con fluidez nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Profundar no coñecemento e no uso habitual das tecnoloxías da información e as comunicacións para a aprendizaxe.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, confianza nun mesmo, sentido crítico, traballo en equipo e espírito innovador.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Consolidar a práctica do deporte.
- Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía para o cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente.
- Desenvolver a sensibilidade cara as diversas formas de voluntariado que melloren o entorno social, especialmente o desenvolvido pola xente nova.

OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS

Relación do centro coa comunidade educativa

- Fomentar a libre expresión de todos os membros da comunidade educativa.
- Contribuír a que existan relacións fluídas entre os órganos de goberno e os profesorado do instituto. Este ha de ser lugar de encontro, de xestión, de relacións, de toma de decisións.... dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Impulsar a xestión democrática e plural do centro a través do Consello Escolar. Este ha de ser o órgano fundamental de debate, co fin de unificar criterios entre os distintos sectores educativos; con isto preténdese unha coherencia no funcionamento do instituto.
- Facilitar a relación entre o centro e as ANPAS.
- Solicitar á Inspección o seu asesoramento e colaboración nas dificultades nas que se puidera atopar o profesorado no desenvolvemento das súas actividades educativas.
- Implicar á Inspección no control da calidade do ensino no centro.

Relación con outros centros educativos

- Compartir infraestruturas (pavillón, pistas deportivas, salón de actos ...).
- Asemade, compartir medios para desenvolvemento das actividades educativas: equipos informáticos, biblioteca...
- Fomentar o desenvolvemento de actividades intercentros: excursións didácticas conxuntas, competicións deportivas, conferencias por profesores de outros centros.
- Asociarse para afrontar gastos xerais (papel, libros, combustible, contratos de mantemento...) co fin de obter vantaxes económicas.

Relación con outras entidades (Concello, Deputación, Organizacións....)

- Demandar destas entidades axudas económicas para o financiamento de proxectos e actividades educativas.
- Fomentar a asistencia e participación dos alumnos nas actividades promovidas por estas entidades: exposicións, concertos, conferencias....

Formación permanente do profesorado

- Colaborar e participar en movementos de renovación pedagóxica.
- Asistir a cursos sobre a utilidade e aplicación na tarefa educativa dos novos recursos tecnolóxicos: vídeo, ordenador.....
- Colaborar e participar en investigacións que melloren o coñecemento da realidade galega e dos seus recursos pedagóxicos e didácticos.
- Perfeccionar, en base ás investigacións anteriores, o desenvolvemento curricular de cada área, adecuándoo no posible ás necesidades do entorno.

OBXECTIVOS ADMINISTRATIVOS

- Promover unha organización flexible na xestión do centro, sen menoscabo da súa eficacia.
- Pór medios eficaces para a difusión, entre toda a comunidade educativa, da información legal e organizativa do instituto.
- Crear os mecanismos adecuados para a efectiva implantación, respecto e observancia do regulamento de réxime interior.

5. ORGANIGRAMA

ÓRGANOS DE GOBERNO	UNIPERSOAIS	Director/a		
		Vicedirector/a		
		Xefa/e de estudos		
		Secretaria/o		
	COLEXIADOS	Consello escolar	Director/a	
			Xefa/e de estudos	
			Secretaria/o do IES	
			7 representantes do profesorado	
			4 representantes de alumnas/os	
			3 representantes de nais e pais	
			1 representantes PAS	
			1 representante Concello de Tui	
	Claustro de profesores			

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	DEPARTAMENTOS	ORIENTACIÓN	DIDÁCTICOS
		ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	
		Artes plásticas	
		Bioloxía e Xeoloxía	
		Economía	
		Educación física	
		Filosofía	
		Física e Química	
		Francés	
		Grego	
		Inglés	
		Latín	
		Lingua castelá	
		Lingua galega	
		Matemáticas	
Música			
Portugués			
Relixión			
Tecnoloxía			
Xeografía e Historia			
COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA			
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA			

OUTROS ÓRGANOS	COMISIÓN DE CONVIVENCIA
----------------	-------------------------